



Pulsar aquí para descargar el plugin.

# ourense dixital .com

DIARIO DIXITAL ALTERNATIVO DE ACTUALIDADE POLÍTICA, SOCIAL E LABORAL DA PROVINCIA DE OURENSE

Martes, 21 de Abril

O portal denomínase Pórtico e proporciona servizos adicionais, como acceder a textos completos, comprobar a dispoñibilidade da versión impresa na biblioteca, xestionar a petición dun exemplar, consultar o factor de impacto dunha publicación ou exportar citas bibliográficas a documentos. É unha proposta que acaban de faguer as Universidades Galegas, a dun metabuscador con acceso simultáneos aos seus recursos de información dende un só e único Portal. Hai 20.500 revistas electrónicas *on line*, 4.000 e-books e máis de 10.500 actas de congresos e estándares, entre outros documentos.

## Un metabuscador dende un só portal facilita o acceso por Internet a Rede das Universidades Galegas

21 de ABRIL de 2009: OURENSE DIXITAL

Nova proposta na Rede das Universidades Galegas: un metabuscador dende un só e único Portal con acceso simultáneo a tódolos recursos universitarios.

Segundo sinalan os propios responsabeis do proxecto, a iniciativa xorde da cooperación entre os servizos bibliotecarios das tres universidades galegas máis o Consorcio de Bibliotecas Universitarias de Galicia (Bugalicia), e contou coa financiación da Dirección Xeral de I+D da Consellería de Innovación e Industria. A plataforma denomínase Pórtico.

Unha das principais ferramentas da plataforma Pórtico é un metabuscador que lanza consultas sobre os recursos de información electrónica consorciados de Bugalicia ao mesmo tempo que nos propios dispoñibles de cada unha das universidades. Entre eles atópanse revistas, libros, bases de datos, catálogos bibliográficos, teses, patentes, normas, enciclopedias e dicionarios electrónicos, así como outros moitos en Internet, entre eles prensa electrónica ou boletíns oficiais.

Os recursos de información científica *on line* contratados por Bugalicia cóntanse a día de hoxe en paquetes editoriais con arredor de 20.500 revistas electrónicas, incluídas as máis prestixiosas en cada área científica; 4.000 e-books, case medio cento de bases de datos con acceso, á súa vez, a milleiros de revistas a texto completo e máis de 10.500 actas de congresos ou estándares, que son elementos de consulta indispensable

nas enxeñerías.

A plataforma Pórtico proporciona servizos adicionais, como o xestor de enlaces SFX, unha aplicación que integra compoñentes da biblioteca dixital mediante unha xeración dinámica de enlaces.

A maiores pódese consultar o factor de impacto das revistas consultadas, unha variable que indica a relevancia internacional das publicacións.

Tamén é posible exportar citas bibliográficas das consultas realizadas a Refworks, un sistema moi útil en especial para investigadores, científicos, ou docentes.

A principal virtude de Pórtico, como resulta obvio, é que "todos estes servizos se realizan dentro dun mesmo menú, cando antes había que acudir a diferentes páxinas webs, de xeito que os usuarios gañan tempo nas súas operacións de aprovisionamento de información e outros servizos", sinalan os responsabeis do proxecto.



---

ourense dixital

e-mail:  
[correo@ourensedixital.com](mailto:correo@ourensedixital.com)

Tfno. Gral.: **650 629 559**  
Aviso Legal | [Contacte con nosotros](#)